

Convenio de colaboración educativa entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a empresa Repsol S.A. sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional, especialmente nas da familia Química

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

INFORMA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades ten previsto formalizar coa empresa Repsol, S.A. o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia de catro anos, dende a data a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración no campo da formación profesional entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a empresa Repsol, S.A. Esta colaboración levarase a cabo nos seguintes campos de actuación:

- a. Realización do período de prácticas na empresa nas instalacións da empresa Repsol, S.A. Complexo Industrial da Coruña por parte do alumnado que curse ensinanzas de formación profesional.
- b. Promoción de ensinanzas de formación profesional da familia química: ciclo formativo de grao superior Química Industrial; en réxime ordinario e na modalidade de FP dual mediante o Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a empresa Repsol S. A. para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.
- c. Desenvolvemento conxunto de microformacións sobre aspectos específicos de interese para a empresa.
- d. Creación dun programa de bolsas de formación por parte da empresa Repsol, S.A.
- e. Orientación na formación e actualización do profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.



- f. Promoción e difusión destas ensinanzas, así como das súas saídas profesionais entre o alumnado de formación profesional.
- g. Promoción de ensinanzas conducentes á obtención de certificados de profesionalidade da familia química.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, que determina no artigo 39 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.

Igualmente, contempla no apartado 2 do artigo 42, que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluírá unha fase de formación práctica nos centros de traballo, da que poderán quedar exentos os que acrediten unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados.

2. Na Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, constitúe e ordena o sistema único e integrado de formación profesional; no seu artigo 55 establece que "toda oferta de formación profesional dos Graos C e D vinculada ao Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais terá carácter dual, incorporando unha fase de formación en empresa ou organismo equiparado", engadindo que "a fase de formación na empresa terá unha duración mínima do 25 % da duración total prevista da formación e deberá realizarse no seo dunha ou varias empresas ou organismos equiparados, públicos ou privados, pertencentes ao sector produtivo ou de servizos que sirva de referencia á formación".

A regulación do Sistema de Formación Profesional establece que todas as ofertas de formación profesional de Grao C, D e, no seu caso, E conducentes á expedición dun Certificado Profesional, un Título de Formación Profesional, un Título de Especialista ou un Máster de Formación Profesional, efectuaranse, con carácter dual, baixo un dos seguintes dous réximes de oferta:



- Réxime xeral (artigo 66), cando a duración da formación na empresa ou organismo equiparado sexa entre o 25 % e o 35 % da duración total da formación ofertada e non exista contrato de formación na empresa.
- Réxime intensivo (artigo 67), cando a duración da formación na empresa ou organismo equiparado sexa superior ao 35 % da duración total da formación ofertada e si exista contrato laboral de formación coa empresa.

3. No Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, no seu artigo 82 establece:

1. Grao D do Sistema de Formación Profesional correspóndese cos ciclos formativos de formación profesional.
2. As ofertas de formación profesional conducentes á obtención dos títulos de Técnico Básico, Técnico ou Técnico Superior de Formación Profesional ordenaranse en ciclos formativos de grao básico, de grao medio e de grao superior, respectivamente.
3. As ofertas de Grao D forman parte, ademais do Sistema de Formación Profesional, dos ensinos de formación profesional do sistema educativo, nos termos establecidos na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, debendo contribuír, ademais de aos obxectivos do Sistema de Formación Profesional, aos previstos para este tipo de ensinos na devandita lei orgánica para cada un dos graos básico, medio e superior.
4. Os ciclos formativos de grao básico forman parte da educación básica, en calidade de educación secundaria obrigatoria. Os ciclos formativos de grao medio forman parte da educación secundaria postobrigatoria. Os ciclos formativos de grao superior forman parte da educación superior.

4. No Real Decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións, modifica a Disposición adicional quincuaxésima segunda. Inclusión no sistema de Seguridade Social de alumnos que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro.

En dita nova redacción se di o seguinte:



1. A realización de prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades incluídas en programas de formación e a realización de prácticas académicas externas ao amparo da respectiva regulación legal e regulamentaria, determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen nos termos desta disposición adicional.

4. O cumprimento das obrigacións á Seguridade Social axustarase ás seguintes regras:

b) No caso das prácticas formativas non remuneradas, o cumprimento das obrigacións de Seguridade Social corresponderá á empresa, institución ou entidade na que se desenvolvan aqueles, salvo que no convenio ou acordo de cooperación que, no seu caso, subscribíbase para a súa realización dispóñase que tales obrigacións corresponderán ao centro de formación responsable da oferta formativa. Quen asuma a condición de empresario deberá comunicar os días efectivos de prácticas a partir da información que facilite o centro onde se realice a práctica formativa.

Pola entidade que resulte responsable conforme ao indicado no parágrafo anterior solicitarase da Tesourería Xeral da Seguridade Social a asignación dun código de conta de cotización específico para este colectivo de persoas.

5. No convenio asinado o catorce de setembro de dous mil doce, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Repsol Petróleo S.A. Complexo Industrial da Coruña sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional e con este novo convenio quérese continuar con dita colaboración.

6. Na disposición de ambas as partes en colaborar en todos aqueles aspectos que melloren as competencias do alumnado de formación profesional e do que curse ensinanzas conducentes a certificados de profesionalidade e se adapten ás actuais necesidades formativas do mercado laboral e así conduzan a unha óptima inserción laboral deste alumnado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

